



Acollyer, protexer, promover e integrar aos emigrantes e refuxiados



Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado

14 de xaneiro de 2018



MENSAXE DO SANTO PADRE FRANCISCO PARA A XORNADA MUNDIAL DO MIGRANTE E DO REFUXIADO

[14 de xaneiro de 2018]

Acollyer, protexer, promover e integrar aos emigrantes e refuxiados

Queridos irmáns e irmás:

«O emigrante que reside entre vós será para vós como o indíxena: amaralo como a ti mesmo, porque emigrantes fostes en Exipto. Eu son o Señor o voso Deus» (Lv 19,34).

Durante os meus primeiros anos de pontificado manifestei en repetidas ocasións canto me preocupa a triste situación de tantos emigrantes e refuxiados que foxen das guerras, das persecucións, dos desastres naturais e da pobreza. Trátase indubidablemente dun «signo dos tempos» que, desde a miña visita a Lampedusa o 8 de xullo de 2013, intentei ler invocando a luz do Espírito Santo. Cando instituí o novo Dicasterio para o Servizo do Desenvolvemento Humano Integral, quixen

que unha sección especial -dirixida temporalmente por min- fose como unha expresión da solicitude da Igrexa cara aos emigrantes, os desprazados, os refuxiados e as vítimas da trata.

Cada forasteiro que chama á nosa porta é unha ocasión de encontro con Xesucristo, que se identifica co estranxeiro acollido ou rexeitado en calquera época da historia (cf. Mt 25,35.43). A cada ser humano que se ve obrigado a deixar a súa patria en busca dun futuro mellor, o Señor confíao ao amor maternal da Igrexa.[1] Esta solicitude ha de concretarse en cada etapa da experiencia migratoria: desde a saída e ao longo da viaxe, desde a chegada ata o regreso. É unha gran responsabilidade que a Igrexa quere compartir con todos os crentes e con todos os homes e mulleres de boa vontade, que están chamados a responder con xenerosidade, dilixencia, sabedoría e amplitud de miras -cada un segundo as súas posibilidades- aos numerosos desafíos suscitados polas migracións contemporáneas.

A este respecto, desexo reafirmar que «a nosa resposta común poderíase articular en torno a catro verbos: acoller, protexer, promover e integrar».[2]

Considerando o escenario actual, *acoller* significa, ante todo, ampliar as posibilidades para que os emigrantes e refuxiados poidan entrar de modo seguro e legal nos países de destino. Nese sentido, sería desexable un compromiso concreto para incrementar e simplificar a concesión de visados por motivos humanitarios e por reunificación familiar. Ao mesmo tempo, espero que un maior número de países adopten programas de patrocinio privado e comunitario, e abran corredores humanitarios para os refuxiados máis vulnerables. Sería conveniente, ademais, prever visados temporais especiais para as persoas que foxen dos conflitos cara aos países veciños. As expulsións colectivas e arbitrarias de emigrantes e refuxiados non son unha solución idónea, sobre todo cando se realizan cara a países que non poden garantir o respecto á dignidade nin aos dereitos fundamentais.[3] Volvo subliñar a importancia de ofrecer aos emigrantes e refuxiados un aloxamento adecuado e decoroso. «Os programas de acollida estendida, xa iniciados en diferentes lugares, parecen con todo facilitar o encontro persoal, permitir unha mellor calidade dos servizos e ofrecer maiores garantías de éxito».[4] O principio da centralidade da persoa humana, expresado con firmeza polo meu amado predecesor Benedicto XVI,[5] obríganos a antepoñer sempre a seguridade persoal á nacional. Xa que logo, é necesario formar axeitadamente ao persoal encargado dos controis das fronteiras. As condicións dos emigrantes, os solicitantes de asilo e os refuxiados, requiren que se lles garanta a seguridade persoal e o acceso aos servizos básicos. En nome da dignidade fundamental de cada persoa, cómpre esforzarse para preferir solucións que sexan alternativas á detención dos que entran no territorio nacional sen estar autorizados.[6]

O segundo verbo, *protexer*, conxúgase en toda unha serie de accións en defensa dos dereitos e da dignidade dos emigrantes e refuxiados, independentemente do seu estatus migratorio.[7] Esta protección comeza na súa patria e consiste en dar informacións veraces e certas antes de deixar o país, así como na defensa ante as prácticas de reclutamento ilegal.[8] Na medida do posible, debería continuar no país de inmigración, asegurando aos emigrantes unha adecuada asistencia consular, o dereito a ter sempre consigo os documentos persoais de identidade, un acceso equitativo á xustiza, a posibilidade de abrir contas bancarias e a garantía do básico para a subsistencia vital. Se as capacidades e competencias dos emigrantes, os solicitantes de asilo e os refuxiados son recoñecidas e valoradas oportunamente, constituirán un verdadeiro recurso para as comunidades que os acollen.[9] Xa que logo, espero que, no respecto á súa dignidade, lles sexa concedida a liberdade de movemento nos países de acollida, a posibilidade de traballar e o acceso aos medios de telecomunicación. Para quen deciden regresar á súa patria, subliño a conveniencia de desenvolver programas de reinserción laboral e social. A Convención internacional sobre os dereitos do neno ofrece unha base xurídica universal para a protección dos emigrantes menores de idade. É preciso evitarlles calquera forma de detención en razón do seu estatus migratorio e asegurarlles o acceso regular á educación primaria e secundaria. Igualmente é necesario garantirlles a permanencia regular ao cumprir a maioría de idade e a posibilidade de continuar os seus estudos. No caso dos menores non acompañados ou separados da súa familia é importante prever programas de custodia temporal ou de acollida.[10] De acordo co dereito universal a unha nacionalidade, todos os nenos e nenas terana recoñecida e certificada adecuadamente desde o momento do nacemento. A apatridia na que se atopan ás veces os emigrantes e refuxiados pode evitarse fácilmente por medio de «leis relativas á nacionalidade conformes cos principios fundamentais do dereito internacional».[11] O estatus migratorio non debería limitar o acceso á asistencia sanitaria nacional nin aos sistemas de pensións, como tampouco á transferencia das súas contribucións no caso de repatriación.

Promover quere dicir esencialmente traballar co fin de que todos os emigrantes e refuxiados, así como as comunidades que os acollen, poidan realizarse como persoas en todas as dimensións que compoñen a humanidade querida polo Creador.[12] Entre estas, a dimensión relixiosa ha de ser recoñecida no seu xusto valor, garantindo a todos os estranxeiros presentes no territorio a liberdade de profesar e practicar a propia fe. Moitos emigrantes e refuxiados teñen cualificacións que hai que certificar e valorar convenientemente. Así como «o traballo humano está destinado pola súa natureza a unir aos pobos», [13] animo a esforzarse na promoción da inserción socio-laboral dos emigrantes e refuxiados, garantindo a todos -incluídos os que solicitan asilo- a posibilidade de traballar, cursos formativos lingüísticos e de cidadanía activa, como tamén unha información

adequada nas súas propias linguas. No caso dos emigrantes menores de idade, a súa participación en actividades laborais ha de ser regulada de maneira que se preveñan abusos e riscos para o seu crecemento normal. No ano 2006, Benedicto XVI subliñaba como a familia é, no contexto migratorio, «lugar e recurso da cultura da vida e principio de integración de valores».[14] Hai que promover sempre a súa integridade, favorecendo a reagrupación familiar -incluíndo os avós, irmáns e netos-, sen sometela xamais a requisitos económicos. Respecto de emigrantes, solicitantes de asilo e refuxiados con discapacidade hai que asegurarlles maiores atencións e axudas. Considero digno de eloxio os esforzos despregados ata agora por moitos países en termos de cooperación internacional e de asistencia humanitaria. Con todo, espero que na distribución desas axudas téñanse en conta as necesidades -por exemplo: asistencia médica e social, como tamén educación- dos países en vías de desenvolvemento, que reciben importantes fluxos de refuxiados e emigrantes, e inclúanse de igual modo entre os beneficiarios das mesmas comunidades locais que sofren carestía material e vulnerabilidade.[15]

O último verbo, *integrar*,ponse no plano das oportunidades de enriquecemento intercultural xeradas pola presenza dos emigrantes e refuxiados. A integración non é «unha asimilación, que induce a suprimir ou a esquecer a propia identidade cultural. O contacto co outro leva, máis ben, a descubrir o seu “segredo”, a abrirse a el para aceptar os seus aspectos válidos e contribuír así a un coñecemento maior de cada un. É un proceso longo, encamiñado a formar sociedades e culturas, facendo que sexan cada vez máis reflexo dos multiformes dons de Deus aos homes».[16] Este proceso pode acelerarse mediante o ofrecemento da cidadanía, desligada dos requisitos económicos e lingüísticos, e de vías de regularización extraordinaria, aos emigrantes que poidan demostrar unha longa permanencia no país. Insisto unha vez máis na necesidade de favorecer, en calquera caso, a cultura do encontro, multiplicando as oportunidades de intercambio cultural, demostrando e difundindo as «boas prácticas» de integración, e desenvolvendo programas que preparen ás comunidades locais para os procesos integrativos. Debo destacar o caso especial dos estranxeiros obrigados a abandonar o país de inmigración por mor de crises humanitarias. Estas persoas necesitan que se lles garanta unha asistencia axeitada para a repatriación e programas de reinserción laboral na súa patria.

De acordo coa súa tradición pastoral, a Igrexa está disposta a comprometerse en primeira persoa para que se leven a cabo todas as iniciativas que se propuxeron máis arriba. Con todo, para obter os resultados esperados é imprescindible a contribución da comunidade política e da sociedade civil -cada unha segundo as súas propias responsabilidades-.

Durante o Cumio das Nacións Unidas, celebrada en Nova York o 19 de setembro de 2016, os líderes mundiais expresaron claramente a súa vontade de traballar a favor dos emigrantes e refuxiados para salvar as súas vidas e protexer os seus dereitos, compartindo esta responsabilidade a nivel global. A tal fin, os Estados comprometéronse a elaborar e aprobar antes de finais de 2018 dous pactos globais (*Global Compacts*), un dedicado aos refuxiados e outro aos emigrantes.

Queridos irmáns e irmás, á luz destes procesos iniciados, os próximos meses representan unha oportunidade privilexiada para presentar e apoiar as accións específicas, que quixen concretar nestes catro verbos. Invítoos, pois, a aproveitar calquera oportunidade para compartir esta mensaxe con todos os axentes políticos e sociais que están implicados -ou interesados en participar- no proceso que conducirá á aprobación dos dous pactos globais.

Hoxe, 15 de agosto, celebramos a solemnidade da Asunción da Benaventurada Virxe María ao Ceo. A Nai de Deus experimentou en si a dureza do exilio (cf. Mt 2,13-15), acompañou amorosamente ao Fillo no seu camiño ata o Calvario e agora comparte eternamente a súa gloria. Á súa materna intercesión confiamos as esperanzas de todos os emigrantes e refuxiados do mundo e os anhelos das comunidades que os acollen, para que, de acordo co supremo mandamento divino, aprendamos todos a amar ao outro, ao estranxeiro, como a nós mesmos.

Vaticano, 15 de agosto de 2017

Solemnidade da Asunción da Virxe María

Francisco

NOTAS

[1] Cf. Pío XII, Const. ap. *Exsul Familia*, Titulus Primus, I.

[2] Discurso aos participantes no Foro Internacional «Migracións e paz» (21 febreiro 2017).

[3] Cf. Intervención do Observador Permanente da Santa Sé na 103 Sesión do Consello da Organización Internacional para as Migracións (26 novembro 2013).

[4] Discurso aos participantes no Foro Internacional «Migracións e paz» (21 febreiro 2017).

[5] Cf. Benedicto XVI, Carta enc. *Caritas in veritate*, 47.

[6] Cf. Intervención do Observador Permanente da Santa Sé na 20 Sesión do Consello de Dereitos Humanos (22 xuño 2012).

[7] Cf. Benedicto XVI, Carta enc. *Caritas in veritate*, 62.

[8] Cf. Pontificio Consello para a Pastoral dos Emigrantes e Itinerantes, Instr. *Erga migrantes caritas Christi*, 6.

[9] Cf. Benedicto XVI, Discurso aos participantes no Congreso Mundial sobre a Pastoral dos Emigrantes e os Refuxiados (9 novembro 2009).

[10] Cf. Benedicto XVI, Mensaxe para a Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado 2010; Intervención do Observador Permanente da Santa Sé na 26 Sesión Ordinaria do Consello dos Dereitos Humanos. Os dereitos humanos dos emigrantes (13 xuño 2014).

[11] Pontificio Consello para a Pastoral dos Emigrantes e Itinerantes e Pontificio Consello Cor Unum, *Acoller a Cristo nos refuxiados e nos desprazados forzosos* (2013), 70.

[12] Cf. Paulo VI, Carta enc. *Populorum progressio*, 14.

[13] Xoán Paulo II, Carta enc. *Centesimus annus*, 27.

[14] Benedicto XVI, *Mensaxe para a Xornada Mundial do Emigrante e do Refuxiado 2007*.

[15] Pontificio Consello para a Pastoral dos Emigrantes e Itinerantes e Pontificio Consello Cor Unum, *Acoller a Cristo nos refuxiados e nos desprazados forzosos* (2013), 30-31.

[16] Xoán Paulo II, *Mensaxe para a Xornada Mundial do Emigrante e o Refuxiado 2005*.